

BANDO.- OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA PARA PREVENCIÓN DE INCENDIOS

MANUEL RUIZ RIVAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA, FAI SABER:

Os incendios forestais constitúen unha ameaza moi importante para o noso entorno, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia. Cómpre lembrar a vaga de lumes que asolou Galicia a mediados de outubro de 2017, que provocou a morte de catro persoas e levouse por diante unhas 50.000 hectáreas de terreo, o 53% delas masa arborada. Co obxecto fundamental de establecer medidas de prevención e defensa contra os incendios, e incidir na protección das persoas e bens, Galicia conta coa **Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia**.

Esta norma establece unhas condicións de prevención específicas para as denominadas “redes secundarias de faixas de xestión de biomasa”, cuxa función prioritaria é a protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. (Artigo 20.4.)

Nas redes secundarias é obrigatorio para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei e na súa normativa de desenvolvemento. **Con carácter xeral, na franxa de 50 metros non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei (piñeiros, eucaliptos e acacias).**

No solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23, salvo aprobación específica de ordenanza municipal ou en defecto da mesma, que poderá elaborarse de conformidade co artigo 16 da lei. (Artigo 21 ter 3.)

TRABALLOS A REALIZAR POLOS TITULARES/RESPONSABLES DOS TERREOS:

FRANXA	TRABALLOS DE XESTIÓN
De 0 a 15 m. (*)	Eliminación de todo tipo de vexetación herbácea, arbustiva e arbórea.
De 15 a 50 m. (*)	<u>Estrato arbustivo e herbáceo:</u> - Eliminación total da vexetación seca (vexetación arbustiva e herbácea seca) e eliminación total da vexetación arbustiva e herbácea existente na parcela (ata 20 cm.). <u>Estrato arbóreo:</u> - Corta das árbores de especies non permitidas (piñeiros, eucaliptos e acacias). - En todo caso poderán conservarse outras especies arbóreas (carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, sobreiras...) nas condicións que sinala a normativa (masas mixtas e distanciadas 7 m. entre elas, árbores de 0-11,4 m. poda ata 1/3 da altura, árbores >11,4 m. poda mínimo 4 m.).

(*) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións...

As persoas que resulten responsables conforme ao artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas, **ANTES DE QUE FINALICE O MES DE MAIO DE CADA ANO.**

Ribeira, a data da firma electrónica

O alcalde,

Manuel Ruiz Rivas



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000D5C8C00S5X7J1H7V0G7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/05/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES -

EXPEDIENTE :: 2022TMA-000017
Fecha: 12/05/2022
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E6000D5C8C00S5X7J1H7V0G7